


NÚMERO 14// NOVEMBRO 2022

CHÍO

ESPELOS





A REVISTA CULTURAL DIXITAL DE LUGOSEMPRE

Obra de Almudena López Lorca



XOGOS DE SOMBRAS

Atráenme as estruturas arquitectónicas, a construción e a destrución dos edificios, as paisaxes urbanas e rurais, as rúas e os camiños, os xacementos arqueolóxicos, as marabillas da natureza, as herbas e as nubes, os detalles suxestivos de todos estes contextos. Neles pouso a miña ollada e o meu obxectivo como nun xogo de sombras. Neles escenarios procuro, ás veces, a presenza discreta ou rechamante da figura humana, en definitiva, o latexo da vida cotiá.



PORTADA INTEGRAL*





NOVEMBER RAIN

Para os da miña xeración, non falo estraño se me refiro a un tema musical mundialmente coñecido, publicado aló polo 1991 no disco "Use your illusion I" xunto ao seu xemelgo "Use your illusion II", que nun momento dicía: "So never mind the darkness, we still can find a way/ 'Cause nothin' lasts forever, even cold November rain". En efecto nada é para sempre, nin sequera este **Chío** que un día apareceu por *arte de birlibirloque* e que sorprendentemente, segue en pé.

Moitas azueiras poden discorrer paralelas á vida desta revista, igual que lle acontecera a Axl Rose logo de crear aquela marabilla musical xunto a Slash. Pero o certo é que **Chío** vive e pervive baixo o paraugas de quen imaxina que, non sendo as cousas para sempre, hai un limbo creativo no cal acubillarse, tendo ben presente que: " And it's hard to hold a candle/ in the cold November rain".

Preto de nove minutos duraba aquela canción. *Rara avis*, cun *solo* de guitarra dos máis extensos tamén. Das figuras retóricas, se cadra, falamos outro día.

XXXII FESTIVAL
DE *JAZZ* DE
LUGO

4-20 NOV 2022

EVENTO DO MES



O vindeiro 4 de novembro comeza unha cita imprescindible no panorama cultural de **Lugo**: o festival de jazz.

Celebrarase nas sedes xa coñecidas polos afeccionados (**Clavicémbalo**, **Círculo das Artes** e **Casa do Saber**) que un ano máis poderán gozar dun programa repleto de boas e singulares propostas, arredor do jazz.

Dende a data de inicio, poderán ser adquiridas as entradas na caseta do festival, situada ao fondo da Pza. Maior; pero dende o pasado 26 de outubro, existe a posibilidade dunha compra anticipada online, a través da plataforma [Notikumi](#).

Logo do fabuloso aperitivo que supuxo a celebración do **Festibus VI** o pasado mes, todo fai indicar que o XXXII Festival de jazz de Lugo, vai camiño de ser todo un éxito, grazas á presenza de grandes artistas musicais do panorama nacional e internacional.

O cartel e o programa completo do festival, pode consultarse mediante a ligazón que encabeza esta páxina. Así como tamén, obter información engadida sobre as localizacións, as entradas, ou detalles dos propios grupos ou solistas que participarán no evento.

Luke Winslow-King & band feat Roberto Luti, serán os encargados de cubrir a noite do sábado 5 de novembro, ofrecendo baixo o auspicio de FA CE LA, un dos concertos máis recomendados deste festival.

Unha mestura ecléctica, onde se combinará blues, música folk americana, rock, sofisticado pop e o jazz tradicional.

Premendo na ligazón inferior, pódese obter proba diso e seguindo as ligazóns da páxina do festival, resulta fácil obter rastros do resto dos artistas que conforman o cartel.



["Watch me change"](#)

IRMANDADE LUGO SEMPRE



José Chousa López, presidente de "Os 5 Ríos" e Agustín Gallego, presidente de Lugo Sempre

Nace a **"Irmandade Lugo Sempre"**

E comeza a súa andaina co irmanamento entre a Asociación Cultural e Observatorio Político, **Lugo Sempre** e a **Asociación 5 Ríos** de O Corgo.

As dúas asociacións desenvolveron nos últimos meses unha actividade, que reflexa a vocación de servizo no ámbito local e provincial. A riqueza de esta alianza, no contexto do asociacionismo, verase reforzada co traballo a realizar de aquí en diante. Dende o ano 2021, atendendo á demanda social e de asociados, comezaron actividades de colaboración, de carácter cultural e mesmo reivindicativas que abranguen aos concellos de O Corgo e Lugo; tales como a implicación mostrada de cara a promoción da celebración do "Primeiro Mercado de Oficios" celebrado no mes de agosto.

É compromiso da Irmandade o establecemento de ligazóns para a realización de accións solidarias en beneficio da veciñanza común.

Ámbalas dúas directivas de Cinco Ríos e Lugo Sempre, adquiren o compromiso de organizar, alí onde fose demandado: conferencias, grupos de traballo, charlas de divulgación,... dende o eido social, político, sanitario, cultural, económico, etc. Lugo Sempre pon a dispor das asociacións que formen parte da Irmandade, a web: www.lugosempre.com e as RRSS propias; ao mesmo tempo, solicita á Asociación Cinco Ríos, a lo menos, unha colaboración mensual para incluír no espazo xeral da web e no propio apartado co que contará na mesma, dita asociación.



Cada asociación seguirá tendo autonomía propia en canto os seus dereitos e obrigas que marquen os seus respectivos estatutos fundacionais.

O documento asinado, cínquese a un irmanamento entre as dúas asociación para manter un fortalecemento e esforzó común, de cara a ter unha actividade en materia de colaboración cultural e mesmo reivindicatva.

Lugo Sempre, como promotora da Irmandade, presentará un modelo semellante a este documento a outras asociacións, culturais ou de veciños, da provincia de Lugo que, de igual maneira, queiran formar parte de esta Irmandade no marco dos principios de amizade e cooperación entre asociacións, cos seguintes obxectos: Promover o intercambio de ideas, técnicas, coñecementos e experiencias na área cultural, educacional, económica, social e política, así como en todas aquelas relacionadas con actividades ligadas entre si.



LUGO LIBROS LIBRES

O pasado mes de outubro, quedou inaugurada na praza Horta do Seminario de Lugo, unha escultura de recoñecemento ás e aos docentes, que segundo di a lenda escrita na placa adxunta, forman e inspiran ás novas xeracións.

Unha localización igualmente inspiradora para o colectivo **Bookcrossing** que desenvolve a súa actividade na cidade, e decidiu tomalo como punto de referencia para futuras liberacións.

Para quen non coñeza o movemento, Bookcrossing é unha comunidade mundial de lectores/as que abrigan a idea de darlle aos libros, moitas vidas. Así, promoven a solta de libros previamente etiquetados, aos que lle seguir a pista, grazas a un número de rexistro na web.

No caso de Lugo, o grupo está activo dende 2003 e é sinxelo seguir as súas pegadas a través de iniciativas tales como creación de zonas bookcrossing, liberacións temáticas, proxectos de fomento lector, soltas de libros en lugares públicos,... Actividades desenvolvidas baixo o auspicio de **Agencia de leones, S.L.**, un grupo de xente afeccionada á lectura e aos libros, que mesmo conta en Facebook, cun club de lectura virtual.





Numerosas localizacións na cidade, teñen sido escenario idóneo para a solta de libros bookcrossing: prazas, parques, monumentos, referentes da arte urbana, ... e, de seguro, seguirano a ser.

Porén, a nova escultura da Horta do Seminario, creación de **José Gómez de Bernardo** (cuxa instalación foi solicitada por ANPE e contou coa financiación do Concello de Lugo e a Deputación Provincial) recolle a esencia dos libros como fonte de transmisión cultural e semella así mesmo, un lugar perfecto para que o colectivo Bookcrossing en Lugo, siga espallando libros con historia lectora, co fin de continuaren camiño. Xa que logo, todos os títulos liberados levan unha etiqueta identificativa que permite saber onde e con quen estivo o libro previamente, a modo de xogo lector.

E unirse é tan sinxelo coma atopar un libro (ou liberar un) e facer unha nota de rexistro na web.




Última liberación feita, con ocasión do [#LeoAutorasOct](#)

FUXAN OS VENTOS. 50 ANOS DE HISTORIA.

O **Vello Cárcere** (Pza. Constitución. Lugo) acolle una exposición comisariada por **Sabela Fraga**, capaz de recoller os 50 anos da historia de Fuxan os Ventos.

Unha cita que debería converterse en imprescindible, non só para amantes da música galega, senón para quen estea interesado en coñecer parte da historia de Galiza.




De feito, a exposición quedou inaugurada o pasado 22 de outubro, cunha presentación especial da mesma, na que foi posible escoitar un emotivo e emocionante concerto, ofrecido por algúns dos membros da formación, reunidos para tal fin.

A mostra (aberta ata o 22 de xaneiro) fai un repaso pola cronoloxía, o contexto e o universo creativo da formación, sendo posible ver e escoitar o legado que o conxunto nos deixa.

A exposición responde ao interese de presentar, por primeira vez, un achegamento aos 50 anos de historia de Fuxan os Ventos.

Mediante material de arquivos persoais, tales como audios, fotografías, documentos, extractos de prensa, etc. preténdese dar a comprender a evolución e o crecemento dun grupo de mozas e mozos, que sen vivir nunca da música profesional, lograron converterse nunha referencia imprescindible na tradición, o folk e a defensa lingüística do galego.



A visita comeza nas celas do patio, para coñecer os comezos de Fuxan os Ventos, en relación co seu contexto.

Deseguido, no primeiro andar do cárcere, percorremos cela a cela, a cronoloxía do grupo, desde a publicación do seu primeiro disco ata o presente.

O último bloque temático, amosa as referencias do universo creativo da formación musical, a pesares da dificultade de conter todo o acontecido naqueles tempos, non só pola amplitude temporal, senón por falar de algo sempre vivo.



DE FOLK 72 A FUXAN OS VENTOS

TEXTO DE PACO NIETO

E foi todo na Praza da Catedral de Mondoñedo, e cunha transición tranquila, sosegada e chea de ledicia.

Eran “As San Lucas” do ano 1972, nas festas máis vellas de Galicia, nada menos que fai 866 anos que foi a primeira edición; o do Festival de Música, era a terceira vez. Daquela chegaron a Mondoñedo un fado de rapaces e rapazas, uns viñan só cunha guitarra, outros viñan en conxunto, dos que daquela se chamaban folk... e un tras outro foron pasando polo escenario do festival; o locutor presentaba o público, que ategaba a praza, os participantes; chegou o momento de facelo a uns que viñan de Lugo e... “Con vostedes o grupo Folk 72”; de repente comenza a soar un atronador pandeiro; de seguido, unha guitarra de doce cordas, logo unhas rapazas din aquilo de “ailalalalá”, e respostan os rapaces: “ailalalá”; volven as mozas: “Queremos cantar... Queremos berrar”; volven os chavales: “Coa forza da fe que a nosa Galicia aínda está de pé; e logo todos: “Fuxan os Ventos....”.

E así foi como dende aquel día, esta peza que naceu do maxín do crego, Xesús Mato, comezou a súa andaina para facerse historia da música galega, e xa con cincuenta anos as costas.

Na propia cidade de Mondoñedo, logo de gañar o certamen, alguén dixo, deixamos de ser “Folk 72”, e naceu, tamén para a historia, **Fuxan os Ventos**.

EVENTO DO MES



BRETAÑA

8 de junio, gran festival español.
Primera actuación de "Fuxan os Ventos" en Londres.

LONDRES.- De la nueva formación gallega "Fuxan os Ventos" se celebrará el 8 de junio en el "Amigo Hall" de Londres la primera actuación en Inglaterra. El grupo, formado por Xesús Mato, Juan Manuel y Eusebio, actuará en un concierto que será el primer paso de una gira por Europa. El grupo, formado por Xesús Mato, Juan Manuel y Eusebio, actuará en un concierto que será el primer paso de una gira por Europa.

FUXAN OS VENTOS
POR PRIMERA VEZ EN LONDRES.
Gran Festival de Música en el "Amigo Hall".

EL TEMPLE, 8 DE JUNIO a partir de las 20.00 horas.

En el recinto el año libro del AMIGO HALL, St. George Orthodox Lambeth Road, LONDON S.E. 1

Recital a las 20.00 horas:
• JESÚS MATO
• JUAN MANUEL
• EUSEBIO VIVO y Eusebio

SEVICIO DE BAR Y VAPOR a cargo de EL VIKING Restaurant

VENTA DE ENTRADAS: En el Aviso 1 del club de la música gallega en el "Amigo Hall", en el número 18 de la calle de Lambeth Road, LONDON S.E. 1. En EL VIKING RESTAURANT, 23 Lambeth Road, LONDON S.E. 1. En EL MARINO RESTAURANT, 23 Lambeth Road, LONDON S.E. 1. Llamar a los números de Londres: 01-499-3000 o 01-499-3001.

VIERNES 8 MAYO SESION NOCHE

Recital de **FUXAN OS VENTOS**

Organiza: SIINDICATO GALEGO DA MUSICA POR LA MUSICA EN VIVO

exágonos

ACLARANDO É XERUNDIO

Chío avanza ao abeiro da asociación cultural e observatorio político, **Lugo Sempre** (www.lugosempre.com)

No referente aos **contidos** deste número de **Chío**, lembramos que a revista contén ligazóns interactivas. Simplemente, premendo nelas (aparecen subliñadas) podemos acceder a contido externo.

Con respecto ao * da portada integral, o título da imaxe (Espellos) está debidamente sinalado na portada de **Chío**. Se reparamos un chisco. O texto que acompaña á presentación de **Almudena López Lorca**, é creación de **Xan Ramiro Cuba**.

Descoñecemos a autoría do cartel do XXXII festival de jazz de Lugo (e debido a iso non recollemos a información), pero dende este recuncho , convidamos a que este dato sexa máis visible, no caso de interesaren.

Como é habitual en **Chío**, no referente ás **imaxes**, aclaramos que todas son de autoría propia, ou ben cedidas con gusto, polo autor/a ou artista, no caso que proceda.

A imaxe final de "**Lugo libros libres**" representa a liberación feita no monumento citado, con ocasión da iniciativa [#LeoAutorasOct](https://twitter.com/LeoAutorasOct), da que é posible saber máis nas ligazóns incluídas na reportaxe e aquí mesmo.

Coordina e dirixe Chío, Melina López.



@lugosempre



[LugoSempre](https://www.facebook.com/LugoSempre)

